

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA E O ATENEO DE SANTIAGO**

En Santiago de Compostela, a 13 de xuño de 2016

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Martiño Noriega Sánchez, en calidade de Alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, con domicilio, a estes efectos no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela e C.I.F. 1507900-G.

Doutra, Don Francisco Candela Castrillo, en nome e representación do Ateneo de Santiago, en calidade de Secretario Xeral, con domicilio social en Praza de Salvador Parga, 4-2º, C.P. 15704, de Santiago de Compostela, e CIF G-70161096.

**MANIFESTAN**

1. Que o Concello de Santiago conta entre as súas funcións a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluíndose nelas a realización de accións de fomento e difusión da cultura.
3. Que o Ateneo de Santiago vén desenvolvendo unha intensa actividade no eido da cultura en colaboración con outras entidades, entre as que se atopa o Concello de Santiago de Compostela.
4. Que a devandita iniciativa cultural resulta de especial interese para o Concello de Santiago polo seu impacto positivo na difusión da educación, a ciencia, a cultura, a lingua galega e os valores democráticos.

É por isto e que se acorda establecer un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**Primeira:** Serán obxecto deste convenio as actividades que o Ateneo de Santiago desenvolve en Santiago de Compostela, actividades que teñen como fin a promoción da educación, a ciencia, a cultura e a lingua galega a través das actividades que se

relacionan no Anexo 1.

**Segunda:** O Concello de Santiago colabora economicamente no desenvolvemento destas actividades (Anexo I) coa cantidade de **5.000 euros**, que serán ingresados na conta a nome do Ateneo de Santiago, con CIF G-70161096, que ten ao seu nome en ABANCA co número de conta **ES59 2080 0388 2730 4000 0966**. Esta achega será compatíbel coas doutras entidades públicas ou privadas sempre e cando a suma delas non supere o importe total da actividade, e coas complementarias que o Concello poida, no seu día, establecer. Na cantidade obxecto do convenio entenderase incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) e calquera outro tipo de imposto ou gasto.

**Terceira:** O pagamento realizarase logo da xustificación do gasto mediante a achega das facturas oficiais e recibos que correspondan, que deberán conter tódolos datos do perceptor, así como a correspondente retención do IRPF. Poderanse presentar os orixinais ou fotocopias compulsadas, a xustificación realizarase polo importe total da actividade non só pola contía da subvención.

Como documentos acreditativos dos pagos realizados só se aceptarán transferencias bancarias, certificacións de pago emitidas por entidades bancarias (extratos ou asentos de movemento individualizados). Os pagos en efectivo só serán admitidos para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagos baixo outra modalidade, como subministros en restaurantes, gasolineras, supermercados, etc, non podendo superar en ningún caso a contía de 600 €. Acreditarase o pagamento mediante factura ou recibín asinado polo acreedor indicando a data de abono debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

Terán que achegar os seguintes documentos:

- Documentación acreditativa de que a actividade se realizou segundo o previsto.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, que acredite que a entidade está ao corrente nos pagamentos que lle correspondan.
- Certificación da Delegación de Facenda do Estado que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.

- Certificación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias
- Certificado de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela
- Ingreso selado pola entidade bancaria correspondente que acredite a titularidade da conta na que se deba facer o pagamento.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente na que se faga constar as contías das axudas asignadas ou recibidas doutras administracións públicas, ou entes públicos ou privados, para o mesmo fin.
- Documento acreditativo de ter realizado os pagamentos.
- Tarxeta de identificación fiscal

A xustificación das contías poderán realizarse de xeito parcial até acadar o máximo da contía concedida. A presentación da xustificación realizarase seguindo o modelo do Anexo 2.

**Cuarta:** A data límite para a xustificación do convenio será o 15 de novembro de 2016.

**Quinta:** O Concello de Santiago figurará na publicidade e difusión das actividades subvencionadas, tanto impresa como en outros soportes, como “colaborador”, utilizando a súa imaxe corporativa. Asemade o Ateneo de Santiago comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, a partir da data de sinatura.

**Sexta.-** Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o control da súa execución e a vixilancia do cumprimento do seu contido. O Concello de Santiago poderá, cando o considere oportuno, comprobar o estado de execución das actividades obxecto deste convenio. Crearase unha comisión mixta de seguimento da execución do convenio e para a solución e interpretación de controversias formada pola Concelleira de Acción Cultural e polo representante do



beneficiario da subvención.

**Séptima.-** O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes será causa suficiente de rescisión deste, do mesmo xeito procederá o reintegro da subvención polas causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de subvencións.

**Oitava.-** Toda a comunicación, oral ou escrita, que se derive deste convenio, dirixida a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, atención directa, etc., así como o obxecto mesmo da contratación, realizaranse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, especialmente no seu artigo 8.

**Novena:** A vixencia deste convenio é até o 31 de decembro de 2016. Este convenio rexerá durante o presente ano e poderá ser prorrogado para o seguinte, por acordo expreso das partes, cos mesmos obxectivos e por unha contía económica non inferior, supeditado á existencia de consignación orzamentaria.

**Décima:** Será responsabilidade do Ateneo de Santiago a organización, xestión, publicidade e asistencia técnica requiridas polas actividades incluídas neste convenio. O Ateneo de Santiago será tamén responsábel dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do convenio.

En proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado, no lugar e data de encabezamento.

Polo Concello de Santiago

Polo Ateneo de Santiago

Martiño Noriega Sánchez  
*Alcalde de Santiago de Compostela*

Francisco Candela Castrillo  
Secretario Xeral do Ateneo de  
Santiago

## **ANEXO I. ACTIVIDADES CULTURAIS DO ATENEO DE SANTIAGO DO ANO 2.016**

Luns, 4 de Abril. 20h. Conferencia “Facebook, Twitter, Instagram e outras drogas na era de Internet. Como vivir enredados”, impartida por D. Carlos Toural, Vicedecano da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, organizada pola Sección Sociedade da Información. Lugar: R/ Vilar, 19.

Sábado, 9 de Abril. 11h. Visita guiada ás exposicións “Sempre” do escultor Ignacio Basallo e “Desde La saga/fuga de J.B.” do pintor Manuel Quintana Martelo na Fundación Gonzalo Torrente Ballester, organizada pola Sección Arte, Educación e Cultura.

Luns, 11 de Abril. 20h. Conferencia “Filosofía en tempos virais”, impartida por D. Ignacio Castro, Filósofo, organizada pola Sección Arte, Educación e Cultura. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 18 de Abril. 20h. Conferencia “Unha aproximación á historia das Irmandades da Fala”, impartida por D. Emilio Ínsua, Escritor, organizada pola Sección Arte, Educación e Cultura. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 25 de Abril. 20h. Conferencia “Memoria do 25 de abril: corenta anos despois”, impartida por D. Daniel Lanero Táboas, investigador Ramón y Cajal no departamento de Historia Contemporánea da USC e membro do Grupo de Investigación HISTAGRA organizada pola Sección Sociedade Civil. Lugar: R/ Vilar, 19.

Martes, 26 de Abril. 19.30h. Faladoiro sobre a situación actual do Sahara Occidental, coa presenza de Brahim Mojtar, Ministro da República Árabe Saharai Democrática.

Sábado, 30 de Abril. Roteiro biográfico e literario Valle-Inclán: A Pobra do Caramiñal e Museo Valle-Inclán. En colaboración coa Fundación Valle-Inclán.

Luns, 2 de Maio. 20h. Conferencia “Ondas Gravitacionais: astronomía cos ollos pechados”, impartida por D. Javier Mas Solé, Profesor Titular da USC, organizada pola Sección Ciencia, Tecnoloxía e Medio Ambiente. Lugar: R/ Vilar, 19.

Martes, 3 de Maio. 20h. Entrega dos Premios da Crítica 2015, en colaboración coa Asociación Galega da Crítica. Lugar: R/ Vilar, 19.

Mércores, 4 de Maio. 20h. IV Gala Lírica dos Conservatorios de Galicia, en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Compostela. Lugar: Teatro Principal.

Luns, 9 de Maio. 20h. CONMEMORACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Conferencia "Vida e poesía de Manuel María", impartida por D. Darío Xohán Cabana, escritor chairego, membro da RAG. Lugar: R/ Vilar, 19.

Xoves, 19 de Maio. Roteiro polo patrimonio industrial de Vigo: museo de ANFACO (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas) e factoría Citroen. Organizada pola Sección Ciencia, Tecnoloxía e Medio Ambiente.



Sábado, 21 de Maio. Roteiro polo patrimonio cultural da Coruña: museo do Castelo de San Antón, Torre de Hércules e Cidade Vella.

Luns, 23 de Maio. 20h. Conferencia “O abafado da fracaso-manía. ¿Hai remedio para os españois?”, impartida por D. Fernando González Urbaneja, Xornalista, ex-Presidente da Asociación de Periodistas de España, organizada pola Sección Sociedade da Información. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 30 de Maio. 20h. Mesa redonda "A intermodal de Santiago: O proxecto da cidade", coa participación de D. Jorge Duarte, Arquitecto e Concelleiro de Espazos Cidadáns de Santiago, D<sup>a</sup>. Helena de Lucas, Directora Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, e D. Carlos García Cumplido, Avogado e Portavoz do Foro Cívico, organizada pola Sección Compostela. Lugar: R/ Vilar, 19.

Maio-xuño. Curso “Como usar as redes sociais”, impartido por D. Carlos Toural, Vicedecano da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, organizado pola Sección Sociedade da Información. Lugar: salón de actos do Ateneo.

Luns, 6 de Xuño. 20h. Concerto e conferencia de música hindú, organizada pola Sección Arte, Educación e Cultura. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 13 de Xuño. 20h. Conferencia sobre a actualidade do pensamento económico de John Maynard Keynes, no setenta cabodano da súa morte, impartida por D. Carlos Ricoy, Profesor Titular da USC, organizada pola Sección Sociedade Civil. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 20 de Xuño. 19.30h. CONMEMORACIÓN DO 400 ANIVERSARIO DE CERVANTES. Conferencia “O enxeñoso Miguel de Cervantes”, impartida por D. Luis Iglesias Feijoo, Catedrático da USC, organizada pola Sección Arte, Educación e Cultura. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 3 de Outubro. 20h. Conferencia “Radiación, móbiles e cerebro”, impartida por D. Xurxo Mariño, Profesor da UDC e divulgador da ciencia, organizada pola Sección Ciencia, Tecnoloxía e Medio Ambiente. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 10 de Outubro. 20h. Conferencia “O Santiago do século XVII”, impartida por D. Juan Gelabert, Catedrático de Historia da Universidade de Cantabria, organizada pola Sección Compostela. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 17 de Outubro. 20h. Conferencia organizada pola Sección Sociedade da Información. Lugar: R/ Vilar, 19.

Luns, 24 de Outubro. 20h. Conferencia “A figura de Alfredo Vicenti, un compostelán esquecido”, impartida por D. José Antonio Durán, organizada pola Sección Compostela. Lugar: R/ Vilar, 19.

Outubro. Exposición sobre “Deseño gráfico popular”, no salón Artesado do Pazo de Fonseca, en colaboración coa Universidade de Santiago.

Outubro. Faladoiro de Actualidade. Lugar: salón de actos do Ateneo.



Club de lectura, impartido por Raquel Blanco Prol, Licenciada en Xornalismo: martes, 12 e 26 de abril, 10 e 24 de maio, 7 e 21 de xuño e 4 e 18 de outubro. 18-19.30h. Lugar: biblioteca do Ateneo.

Obradoiro de escritura creativa, impartido por Alicia López Gallego, Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación: xoves, 14 e 28 de xaneiro, 11 e 25 de febreiro e 3 e 31 de marzo. 17.30-19.30h. Lugar: salón de actos do Ateneo.

Curso de meditación, impartido por Zinnia Maravell, especialista en acupuntura e ioga: mércores, 6, 13 e 20 de abril; 4, 11, 18 e 25 de maio; 1, 8 e 15 de xuño. 19-20h. Lugar: salón de actos do Ateneo.

Exposición “FOTOGRAFANDO DENDE O ATENEO”, coordinada por Soledad Felloza, fotógrafa. Dende o venres 19 de febreiro. Lugar: salón de actos do Ateneo.

**ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES DO “ATENEO DE SANTIAGO” PARA O ANO 2.016.**

|  |            |
|--|------------|
| 1. CONFERENCIANTES E OUTRO PERSOAL ..... | 3.400,00 € |
| 2. ALUGUER DE LOCAIS .....               | 2.000,00 € |
| 3. PUBLICIDADE E DISTRIBUCIÓN .....      | 1.200,00 € |
| 4. TRANSPORTES .....                     | 900,00 €   |
| 5. OUTROS GASTOS VARIOS .....            | 500,00 €   |

=====  
CONTÍA TOTAL DO PROXECTO: 8.000 €  
=====

**ANEXO 2: MODELO PARA A XUSTIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

D. \_\_\_\_\_ como representante legal de :

|                                  |
|----------------------------------|
| Entidade beneficiaria<br>CIB/NIF |
|----------------------------------|

**CERTIFICO:**

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

|   |
|---|
| Actividade ou programa:<br>Convocatoria:<br>Datas de realización:<br>Importe da actividade:<br>Importe da subvención concedida: |
|---|

2º.- Que os gastos xenerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

| Nº | CONCEPTO                                   | IMPORTE | FECHA PAGO |
|----|--|---------|------------|
|    |  |         |            |
|    |  |         |            |
|    |  |         |            |
|    |  |         |            |
|    |  |         |            |
|    |  |         |            |
|    |  |         |            |
|    |  |         |            |
|    | IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA= |         |            |

Que se adjuntan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estos gastos, así como a xustificación do seu pago.

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de \_\_\_\_\_ €, co seguinte detalle:

| ENTIDADE CONCEDENTE | IMPORTE |
|---------------------|---------|
|                     |         |
|                     |         |
|                     | TOTAL=  |

